

1. Uso de B e de V

O fonema oclusivo bilabial sonoro /b/ gráfamolo na nosa lingua como “b” ou como “v”, utilizando un criterio etimolóxico, case sempre segundo a grafía que tiña a palabra en latín; así temos palabras como barco, vento, labio ou lavar, escritas con diferentes letras malia a pronuncia ser a mesma.

Podemos, no entanto, dar unhas pequenas pistas para non errar no uso destes dous grafemas:

- ▶ Os sufixos **-bel/-ble** e formas derivadas gráfanse con “b”: amábel, notábel, amabilísimo, notabilísimo.
- ▶ Os prefixos cultos **ab-**, **ob-** e **sub-** gráfanse sempre con “b”: abstracto, obstrución, subterráneo.
- ▶ Os grupos **br** e **bl** gráfanse habitualmente con “b”, con moi poucas excepcións (acivro, ávrego).
- ▶ O sufixo **-ivo** gráfase con “v”: altivo, nativo, furtivo, emotivo.

a) A continuación figura unha serie de definicións que corresponden a palabras que comezan polo prefixo AB-/ABS. De que palabra se trata en cada caso?

Sacrificio ou renuncia que un fai con finalidade altruísta.	Abnegación
Na doutrina católica, acción de redimir os pecados feita polo sacerdote.	Absolución
Dise do propietario da terra que non a traballa.	Absentista
Abolir ou derogar unha lei.	Abrogar
En matemáticas, coordenada horizontal nun plano cartesiano rectangular.	Abscisa
Parte sobresaínte semicircular da fachada posterior dunha igrexa.	Ábsida
Acumulación de pus nun tecido orgánico.	Absceso
Feito de non participar na votación nun proceso electoral.	Abstención
Reter un corpo a outro facendo que penetre dentro de si.	Absorber
Contrario á razón e ao sentido común.	Absurdo

b) Agora as definicións corresponden a palabras que comezan polo prefixo OB-:

Cousa que se ofrece a alguén como mostra de afecto ou atención.	Obsequio
Que é doado de comprender ou de ver, evidente, manifesto, notorio.	Obvio
Recalcitrante, que porfía nunha idea ou nun xeito de actuar.	Obstinado
Conseguir aquilo que se desexa.	Obter
Argumento que se opón a unha proposición para combatela ou refutala.	Obxección
Facer ilexíbel, borrar.	Obliterar
Perder a razón ou o xuízo, cegarse, perturbarse.	Obcecase
Pechar, tapar ou obstruír unha abertura ou un conduto.	Obturar
Ter no pensamento unha idea ou preocupación fixa.	Obsesionarse
Edificio dedicado ao estudo dos astros.	Observatorio

2. Uso de S e de X

Todas as palabras de cada columna, excepto unha, escríbense coa mesma letra: “s” ou “x”. Se tes iso en conta resultarache doado completar as palabras coa letra correspondente:

estranxeiro	escindir	escravitude	excitar	exterior
escarmento	escusa	expansión	excedencia	estremeño
escarvar	extensión	excelso	exasperar	extenso
escavar	estender	excepción	escravo	expediente
exceso	espolio	excluir	expectativa	exquisito

3. Acento diacrítico

O acento diacrítico distingue dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita.

Lembrando os casos de acentuación diacrítica, indica o significado e constrúe unha frase con cada unha das seguintes palabras:

cá	Contracción de ca (conxunción) + a (artigo)
ca	Conxunción comparativa
chá	Adxectivo: Sen desniveis; fig: sinxela, natural (masculino: chan)
cha	Contracción dos pronomes persoais che (CI) + a (CD)
có	Contracción de ca (conxunción) + o (artigo)
co	Contracción de con (preposición) + os (artigo)
cós	1) Contracción de ca (conxunción) + o (artigo) 2) Substantivo: Parte superior da camisa, que vai desde os ombros ata o van; estreitamento do corpo por riba das cadeiras, cintura.
cos	Contracción de con (preposición) + os (artigo)
má	Adxectivo: Mala (masc. mao)
ma	Contracción dos pronomes persoais átonos me (CI) + a (CD)
nó	Substantivo: Lazo

nós	1) Pronome persoal tónico 2) Substantivo: Plural de nó
nos	1) Pronome persoal átono 2) Contracción de en (preposición) + os (artigo)
sé	Substantivo: Igrexa principal na xurisdición dun bispo
se	1) Pronome persoal, forma reflexiva de terceira persoa 2) Conxunción condicional
té	Substantivo: Infusión
te	1) Pronome persoal de segunda persoa 2) Substantivo: Nome de letra
vén	Forma do verbo vir : 3ª persoa de singular do Presente de Indicativo
ven	1) Forma do verbo ver : 3ª persoa de plural do Presente de Indicativo 2) Forma do verbo vir : 2ª persoa de singular do Imperativo
vés	Forma do verbo vir : 2ª persoa de singular do Presente de Indicativo
ves	Forma do verbo ver : 2ª persoa de singular do Presente de Indicativo
vós	Pronome persoal de 2ª persoa, forma tónica
vos	Pronome persoal de 2ª persoa, forma átona

4. Completa as palabras con L ou R, segundo corresponda:

afrutado	compracer	florete	obligatorio	pracer	repregar
aprazar	cumprido	flotar	planta	preito	soprar
bipraza	despregar	glaucoma	platino	redobrar	suplantar
branquear	fretar	inflamar	pluma	réplica	templo

5. Explica o significado de cada unha das palabras dos seguintes pares: (As definicións que se ofrecen proceden do Dicionario da Academia: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario>)

flanquear	v.t. 1. Estar situado aos lados de [unha cousa ou persoa]. <i>Dous gardas flanqueaban a entrada principal. Dúas altas torres flanquean o edificio. Flanqueábano catro axentes da súa garda persoal.</i> 2. Situar-se xunta os flancos de [unha formación militar], para protexela ou atacala. <i>Algúns tanques flanqueaban a columna de transporte.</i> 3. Ir algo ou alguén paralelamente a [algo que se considera unha liña]. <i>Foron flanqueando a costa ata chegar ao porto. A autoestrada flanquea a ladeira do monte.</i> SIN. bordear .
franquear	v.t. 1. Deixar [unha cousa] libre de obstáculos para poder pasar ou entrar. <i>Franquear as portas da cidade. Desde o primeiro momento franqueáronnos a entrada na organización.</i> 2. Pasar dun lado a outro de [unha cousa que constitúe un obstáculo ou dificultade]. <i>Franquearon o valo de arames e introducíronse no campamento.</i> 3. Pór selos a [unha carta ou paquete que se envía por correo]. <i>Franquear unha tarxeta postal.</i> 4. Eximir do pago dun tributo ou imposto. <i>O novo goberno prometeu franquear a importación de certos produtos alimentarios.</i>

grosa	adx. 1. [Cousa] de moito grosor ou diámetro. <i>Un toro de madeira moi grosso.</i> SIN. gordo. ANT. delgado. 2. [Persoa, animal] que é corpulento. <i>Unha persoa moi grosa.</i> SIN. gordo. ANT. delgado, fraco. 3. [Letra, carácter] de maior grosor, que se utiliza para destacar. <i>As palabras principais do texto aparecen en letra grosa.</i> Tamén s.f. <i>Non queda ben o texto con tantas grosas.</i> SIN. letra grosa. s.m. 4. Parte máis grosa dunha cousa. <i>O grosso da pera.</i> 4. Parte maior ou principal de algo. <i>O grosso dos corredores aínda non chegou á meta.</i> s Letra grosa. Grosso (ac. 3). <i>As entradas deste dicionario aparecen en grosa.</i>
glosa	s.f. 1. Ling. Anotación que se fai, especialmente en manuscritos antigos, entre liñas ou á marxe do texto para explicar unha palabra de significado difícil ou para aclarar o sentido escuro dunha pasaxe determinada. <i>As Glosas Emilianenses son a primeira mostra dunha lingua románica ibérica.</i> 2. ext. Comentario ou nota explicativa que se pon nun texto para aclarar o sentido dun termo raro ou especializado. <i>Moitas edicións escolares de obras clásicas levan glosas.</i> 3. Lit. Composición poética de extensión variable en que se repite un ou máis versos ao final de todas as estrofas. <i>As glosas son propias da literatura dos séculos XV ao XVII.</i>
plebe	s.f. 1. Antig. A clase popular dos cidadáns da antiga Roma, por oposición á clase dos patricios. <i>A plebe estaba formada por cidadáns libres.</i> 2. O pobo baixo. <i>O duque mandou executar varios rebeldes para escarmiento da plebe.</i> SIN. vulgo. obs. Actualmente ten, na maior parte das ocasións, unha intención pexorativa. <i>Disque non quere mesturarse coa plebe.</i> SIN. chusma, populacho.
prebe	s.m. Adobo líquido ou cremoso que se pode elaborar con moitas substancias e serve para acompañar certas comidas. <i>O máis rico de toda a comida foi o prebe.</i> SIN. chorume, mollo, salsa.

1. Uso do “h”

Este grafema non corresponde a ningún fonema da nosa lingua. Temos que aprender o seu uso, en posición inicial ou interior, memorizando o vocabulario en que aparece.

Algúns casos corresponden a prefixos grecolatinos bastante comúns como *hidro-*, *hiper-*, *hipo-*, *homo-*, *hepta-*, etc, ou a verbos de uso moi frecuente como *haber*.

Completa as seguintes frases colocando a letra “h” se fose necesario no espazo en branco:

- O período de **hibernación** dese animal dura varios meses.
- Aqueles poemas estaban compostos en versos **hendecasílabos** e **heptasílabos**.
- Os **habitantes** da vila natal de **Henrique** reuníanse todos os meses de **agosto** na **ermida**.
- A **homeopatía** aínda non foi **homologada** coa medicina tradicional.
- As **hortas** de **aí** ao lado non teñen suficiente **humidade**.
- As condicións **hixiénicas** en que se encontraban os **hóspedes** dese **hostal** non eran as máis **axeitadas**.
- Fixéronlle unha **homenaxe** a aquel famoso médico **holandés** que exercera o seu oficio durante vinte anos en **Oleiros**.
- Cantábanse os **himnos** de maneira **harmoniosa**.

2. Uso de H, S/X e B/V

Todas as palabras de cada columna, excepto unha, escríbense coa mesma letra das que se indican na primeira fila.

Tendo iso en conta completa as palabras coa letra correspondente:

H / Ø	S / X	B / V
harmonía	estrafalario	acivro
ermida	estrangular	ártabro
orfo	estrataxema	candelabro
ola	estratosfera	cogombro
ombro	extravagancia	umbro

A continuación figura unha serie de definicións correspondentes a palabras que comezan por es-, ex-, estra- ou extra-. De que palabra se trata en cada caso?

Definición	Palabra
<i>Facer que algo chegue a moitos sitios e a moita xente</i>	estender
<i>Comercio ilegal ou clandestino de artigos de primeira necesidade</i>	estraperlo
<i>Estado anímico no que o individuo está fóra de si e do mundo que o arrodea; arrebatado</i>	éxtase
<i>Bacteria de forma esférica, disposta en forma de cadea máis ou menos extensa</i>	estreptococo
<i>Capa mineral formada por sedimentación</i>	estrato
<i>Pagamento que recibe unha persoa por un traballo ou uns servizos</i>	estipendio
<i>Conxunto de documentos que se achegan sobre un tema determinado</i>	expediente
<i>Palabra ou frase adoptada polos falantes a partir dunha lingua allea</i>	estranxeirismo
<i>Sacar unha frase do seu contexto e darlle un sentido diferente</i>	extrapolar
<i>Comunidade autónoma española con capital en Mérida</i>	Extremadura
<i>Notar a falta dunha persoa ou cousa</i>	estrañar
<i>Abandonar voluntaria ou forzosamente o propio país, normalmente por motivos políticos</i>	exiliar(se)
<i>Desenterrar un cadáver para facerlle a autopsia e examinalo</i>	exhumar
<i>Dito ou ademán inconveniente e inesperado, expresado con viveza</i>	exabrupto

1. Grupos CC e CT

Nos cultismos que presentaban na lingua orixinaria os grupos de consoantes CC ou CT mantivéronse estas detrás de “a”, “e” ou “o”.

Detrás de “i” e “u” reducíronse a “c” e “t” respectivamente na maior parte das palabras, se ben mantéñense como “cc” e “ct” en termos de linguaxes especializadas.

Abdutor	Adicto	Condución	Conflito
Construción	Contrición	Convicción	Convicto
Dedución	Deíctico	Delito	Destrución
Dicción	Ditado	Dúctil	Ductilidade
Edicto	Estrutura	Ficción	Ictioloxía
Introdutorio	Invicto	Micción	Pictórico
Vitoria	Produtivo	Reprodución	Veredicto